



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

11 JUN. 2024 12:57:26

Entrada **29370**

## Pregunta tramitación solicitudes apatridia saharauís

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL  
Diputado



## Á MESA DO CONGRESO


O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á situación das persoas solicitantes do estatuto de apatridia.**

A Oficina de Asilo e Refuxio resolve sobre as solicitudes de protección internacional e sobre as solicitudes de declaración de apatridia. No caso das solicitudes de apátridas, non se proporciona documentación que permita traballar, vivir e evitar a exclusión, ao contrario do que sucede nas solicitudes de protección internacional que, por outra parte, son máis numerosas. Debe terse en consideración que ao redor de 90% das persoas solicitantes do estatuto de apátrida no Estado español son saharauís.

En 2007, o Tribunal Supremo español emitiu unha sentenza significativa dando respaldo ás persoas saharauís que impugnarán a decisión administrativa de negarlles o estatuto de apátrida. A sentenza establece que as e os saharauís teñen dereito a seren recoñecidos como apátridas polo Estado español ao non recoñecer á RASD.

Desde 2014, as persoas saharauís no Estado español enfrentan dificultades significativas para obter o recoñecemento do estatuto de apátrida. A pesar da sentenza de 2007, persisten trabas administrativas que dificultan o proceso de regularización e recoñecemento legal dos saharauís, con expedientes que poden tardar varios anos en resolverse.

En 2023, a situación das persoas saharauís solicitantes da declaración de apatridia segue sendo precaria. Aínda que dentro da Oficina de Asilo e Refuxio son atendidas tanto as solicitudes de protección internacional como as de





apatridia, estes últimos ven dificultado o acceso a servizos esenciais como educación, atención médica e emprego, en comparación cos solicitantes de protección internacional, ao non expedírselles un documento que lles autorice a traballar como podería ser a tarxeta de estancia coa que si contan os solicitantes de Asilo e Protección Internacional.

O fechamento da Oficina central de asilo e refuxio durante un ano, trasladada en febreiro do ano anterior, deixou ás persoas solicitantes de apatridia sen atención. Aínda que algúns expedientes resólvense noutra oficina, seguen a existir dificultades no acceso á información e ás resolucións. Unha situación que se agravou coa eliminación do correo electrónico que permitía programar citas e revisar expedientes, o que limitou aínda máis o contacto coas persoas encargadas dos expedientes de apatridia.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Cales son as causas dos importantes retrasos na obtención de documentos de apátrida para algunhas persoas solicitantes?
2. Que medidas ten adoptado o Goberno para garantir que todas as persoas solicitantes da declaración de apatridia teñan garantido o acceso á sanidade pública especialmente no caso das e dos que precisan tratamentos médicos urxentes?
3. A que se debe a falta de información e a dificultade para obter respostas no proceso de solicitude de apátrida?
4. Que medidas específicas van ser implementadas para abordar as dificultades que afrontan as persoas solicitantes de apatridia na súa vida diaria e laboral?
5. Adoptou medidas para reducir as esperas prolongadas no proceso de solicitude de apátrida? De ser así, Cales?



6. Que pasos están a dar para mellorar a comunicación e información por parte das autoridades competentes no proceso de solicitude de apatridia?
7. Ten previsto o Goberno conceder ás persoas solicitantes da declaración de apatridia documentos provisionais que permitan realizar trámites como traballar ou estudar mentres se procesa a súa solicitude?
8. Prevese un reforzo de medios materiais e de persoal na Oficina de Asilo que permita acelerar os trámites e acurtar as esperas das persoas solicitantes?
9. Que medidas se porán en marcha para facilitar o acceso á información sobre o estado dos expedientes e mellorar a comunicación coas persoas solicitantes?
10. Prevé establecer algún sistema de cita previa para as e os solicitantes de declaración de apatridia que facilite o contacto coa Administración e a recepción de información sobre o estado da súa solicitude e expediente?

Madrid, a 11 de xuño de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la situación de las personas solicitantes del estatuto de apatridia.**

La Oficina de Asilo y Refugio resuelve las solicitudes de protección internacional y las solicitudes de declaración de apatridia. En el caso de las solicitudes de apátridas, no se proporciona documentación que permita trabajar, vivir y evitar la exclusión, al contrario de lo que sucede en las solicitudes de protección internacional que, por otra parte, son más numerosas. Debe tenerse en consideración que alrededor del 90% de las personas solicitantes del estatuto de apátrida en el Estado español son saharauis.

En 2007, el Tribunal Supremo español emitió una sentencia significativa dando respaldo a las personas saharauis que habían impugnado la decisión administrativa de negarles el estatuto de apátrida. La sentencia establece que las y los saharauis tienen derecho a ser reconocidos cómo apátridas por el Estado español al no reconocer a la RASD.

Desde 2014, las personas saharauis en el Estado español enfrentan dificultades significativas para obtener el reconocimiento del estatuto de apátrida. A pesar de la sentencia de 2007, persisten trabas administrativas que dificultan el proceso de regularización y reconocimiento legal de los saharauis, con expedientes que pueden tardar varios años en resolverse.



En 2023, la situación de las personas saharauis solicitantes de la declaración de apatridia sigue siendo precaria y sin resolver, experimentando un empeoramiento continuo. Aunque dentro de la Oficina de Asilo y Refugio se atienden tanto las solicitudes de protección internacional como las de apatridia, estos últimos ven dificultado el acceso a servicios esenciales como educación, atención médica y empleo, al no expedírseles un documento que les autorice a trabajar como podría ser la tarjeta de estancia con la que sí cuentan los solicitantes de Asilo y Protección Internacional.

El cierre de la Oficina central de asilo y refugio durante un año, trasladada en febrero del año anterior, dejó a las personas solicitantes de apatridia sin atención. Aunque algunos expedientes se resuelven en otra oficina, siguen existiendo dificultades para el acceso a la información y a las resoluciones. Una situación que se agravó tras la eliminación del correo electrónico que permitía programar citas y revisar expedientes, lo que limitó aún más el contacto con las personas encargadas de los expedientes de apatridia.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Cuáles son las causas de los importantes retrasos en la obtención de documentos de apátrida para algunas personas solicitantes?
2. ¿Qué medidas ha adoptado el Gobierno para garantizar que todas las personas solicitantes de la declaración de apatridia tengan garantizado el acceso a la sanidad pública especialmente en el caso de las y de los que precisan tratamientos médicos urgentes?
3. ¿A qué se debe la falta de información y la dificultad para obtener respuestas en el proceso de solicitud de apátrida?
4. ¿Qué medidas específicas van a ser implementadas para abordar las dificultades que enfrentan las personas solicitantes de apatridia en su vida diaria y laboral?



5. ¿Ha adoptado medidas para reducir las esperas prolongadas en el proceso de solicitud de apátrida? De ser así, ¿Cuáles?
6. ¿Qué pasos están dando para mejorar la comunicación e información por parte de las autoridades competentes en el proceso de solicitud de apatridia?
7. ¿Ha previsto el Gobierno conceder a las personas solicitantes de la declaración de apatridia documentos provisionales que permitan realizar trámites como trabajar o estudiar mientras se procesa su solicitud?
8. ¿Se prevé un refuerzo de medios materiales y de personal en la Oficina de Asilo que permita acelerar los trámites y acortar las esperas de las personas solicitantes?
9. ¿Qué medidas se pondrán en marcha para facilitar el acceso a la información sobre el estado de los expedientes y mejorar la comunicación con las personas solicitantes?
10. ¿Prevé establecer algún sistema de cita previa para las y los solicitantes de declaración de apatridia que facilite el contacto con la Administración y la recepción de información sobre el estado de su solicitud y expediente?

Madrid, a 11 de junio de 2024

Néstor Rego Candamil



**Diputado del BNG en el Congreso**